

Guia



Reconocémonos como consumidores:
Os hábitos de Consumo e ocio da xente nova
nas portas do século XXI.

Hábitos de ocio e consumo do IES Porta da Auga de Ribadeo.
Unha reflexión conxunta da comunidade educativa:
pais, profesores e alumnos.

INFORME DESCRITIVO

0. Prólogo.

No IES Porta da Auga estase a levar a cabo de xeito continuado un programa de conciençación sobre o consumo. En relación co mesmo, téñense desenvolto diversas actividades tanto entre profesores como con alumnos ou mesmo cara ó exterior, tanto de xeito concertado co IGC, coa OMIC de Ribadeo ou ben de forma separada.

Entre as dirixidas a profesores, cabe contar con charlas encadradas no proceso de formación do profesorado sobre publicidade ou o funcionamento e orientación do departamento de atención ó cliente nunha empresa.

Para os alumnos, cabe destacar o desenvolvemento en diferentes ocasións e para diversos niveis en varios cursos de charlas, do taller do Euro ou a colaboración co desenvolvemento dun mercado do Euro.

Cara ó exterior, profesores do centro teñen publicado diversos artigos sobre consumo ou mesmo impartido charlas sobre o tema, a parte da difusión das actividades anteriores.

Neste ambiente plantexouse en pasados cursos unha enquisa sobre o consumo de drogas, alcol e hábitos dos fins de semana. Con posterioridade, deseñouse unha enquisa máis completa e máis centrada no consumo e en relación a todo tipo de consumicións.

Co anterior, puidose observar que a principios do curso 99/00 había creado xa un caldo de cultivo receptivo á introducción de estudos sobre o consumo, e ademais, unha enquisa realizada pero non analizada aínda e outra deseñada pero non pasada.

Neste marco, aproveitouse a coincidencia de asistentes en dúas asignaturas optativas en 4º ESO para facer un tratamento in extenso sobre o consumo da xente nova, tendo en conta que unha das materias comúns ó grupo era a informática, o que permitía un tratamento de datos encadrados no mesmo aprendizaxe da materia, a modo de exercicio. Así, planteouse, a parte do obxectivo central no tratamento dunha determinada enquisa, a creación dunha dinámica para a análise de datos e poder así afrontar no futuro unha tarefa de máis envergadura, que supoñía o tratamento dos datos da segunda.

No presente traballo, aínda tendo en conta en parte todos os resultados, centrámonos na primeira das enquisas.

A publicación deste estudo como guía non pretende dar pautas de actuación, senón de xeito máis sinxelo presentar unha visión dun aspecto na nosa xuventude do que os pais e mesmo os afectados poden estar moi desinformados ou ter unha opinión parcial. Hai que advertir, con todo, que no mundo cambiante no que estamos inmersos, os resultados dun estudo como o presente varían de xeito rápido, polo que insistimos en que é unha visión dun momento da vida dos rapaces e rapazas que pode usarse para

achegarse á realidade da xente nova, do ambiente no que vive, de como pensa , etc., pero non a propia realidade, polo demais, como xa queda dito, moi cambiante.

Dúas notas máis sobre as condicións de realización da guía:

- No texto non se fai distinción sexista, tratando tódalas persoas en masculino, pero sendo conscientes, como se pode observar no vídeo tomado durante o desenvolvemento do traballo ou na lista de participantes, da preponderancia feminina na realización do traballo.

- A documentación preséntase en dúas partes. Unha, un dossier descriptivo, e outra, as táboas da enquisa máis sinxela, que se toma como base para as afirmacións que se fan na primeira parte. Pretendendo que sexa un documento orientativo, suprímense del outras partes menos interesantes para a súa difusión as que constituían a maioría do espacio do traballo cando este foi presentado.

Antonio Gregorio Montes

1. Introducción.

1.1. Organización do traballo.

O traballo foi desenvolto por 16 alumnos do IES Porta da Auga de Ribadeo, pertencentes ó grupo 4º ESOB no curso 99/00, con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos e coordinados por dous profesores do centro.

Parte, por unha beira, da convocatoria realizada na fase autonómica do Certame Europeo do Xove Consumidor, feita conxuntamente pola Dir. Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional e do Instituto Galego de Consumo.

Por outra, o IES realizara perante os dous últimos cursos diversas iniciativas sobre temas relacionados co consumo e dispoñíase dos resultados elaborados por de nivel semellante ó noso grupo o curso anterior, sobre unha enquisa sobre hábitos de ocio e consumo, que se pasou a tódolos do centro por iniciativa do Seminario de Relixión.

Os profesores coordinadores propuxeron ó grupo de profundizar sobre os datos de que se dispuña no instituto, recollendo nova información. Deste xeito elaborouse a programación de actividades.

1.2. Obxectivos do traballo.

O obxectivo foi realizar unha reflexión colectiva de pais, profesores e alumnos do IES sobre os resultados obtidos nas enquisas sobre hábitos de consumo realizadas en cursos pasados (sobre ocio, consumo de alcol, tabaco...).

1.3. Descrición de actividades.

Primeiramente, por parte dos profesores coordinadores procedeuse a entrega-lo material, "Resultados da enquisa sobre hábitos de ocio e consumo" e a presenta-la actividade.

Posteriormente, decidiuse que os alumnos traballaran en grupos de dúas persoas, co apoio dun ordenador persoal. Realizaron os documentos:

- Descrición obxectiva dos datos da enquisa. Tratouse de facer unha descrición numérica dos datos elaborados no curso anterior.

- Valoración da enquisa. Tratouse de dar unha opinión persoal por parte de cada grupo de sobre os datos cos que se traballou.

A continuación, elaborouse un cuestionario para solicita-la opinión sobre os datos analizados nos dous documentos anteriores. Cada grupo pasou o cuestionario a 5 persoas:

2 pais ou nais dos participantes na actividade.

1 profesor do IES

1 alumno dun dos cursos superiores do IES (que é posible que parti-

cipara na enquisa previa, pero cunha mentalidade xa diferente, despois de dous anos)

1 alumno dos cursos inferiores (grupo de idade con diferente mentalidade, non participou na enquisa previa)

Pasouse logo a realizar unha valoración por cada grupo por escrito dos resultados, destacando as diferencias nas opinións dos diferentes conxuntos de persoas consultadas.

A continuación realizouse o debate. Nel participaron os que estaban a desenvolver-la actividade, sobre as distintas opinións de pais, profesores e alumnos.

Pasouse despois á presentación da actividade a grupos diversos de xente realizándose varias sesións, distinguindo os grupos á que ía dirixida. Nunha primeira, participaron como asistentes os compañeiros de niveis semellantes (3º e 4º ESO) ós dos que desenvolveron a actividade (data, 24/2/2000). Foi gravada en vídeo para o seu estudo posterior. Unha segunda presentación fíxose cos participantes nun cursoño de animadores organizado polo Concello de Ribadeo (data, 28/2/2000). Unha terceira, nunha reunión de pais de dentro do programa de Escolas de Pais organizada pola sección de prevención de Drogodependencias do Concello de Ribadeo (1/3/2000, gravada en parte). Con posterioridade as presentacións mencionadas, realizadas antes da finalización do traballo, cabe destacar a presentación nas xornadas sobre Drogodependencias mantidas no outono do ano 2000 en Ribadeo.

Ó tempo que as presentacións, foi realizada unha valoración da actividade, por escrito, e os coordinadores elaboraron un informe de conclusións.

De todo o anterior, deuse publicidade á parte de resultados obtidos, tanto a través dos medios de información do centro (taboleiros de anuncios, revista Xerfa, trimestral A Carricanta) como a través dos medios de comunicación.



2. Análise de datos e primeira valoración.

2.0. Resume dos datos

As respostas obtidas na enquisa corresponden a 256 persoas, todas pertencentes ó alumnado do centro, que responderon ó cuestionario no curso 1997/98. Trátase de 115 varóns e 141 mulleres das seguintes idades:

=<14 anos.....	37
15a.	56
16a.	54
17a.	47
18a.	29
19a.	11
20a.	10
>20 a.	12

Como pode observarse, están concentrados nas idades xusto anteriores á maioría de idade legal.



2.1. Idade á que comezan a saír os (noites do fins de semana)

A maioría das persoas di comezar a saír cos seus amigos pola noite e os fins de semana a partir dos 13 - 14 anos. Isto parécelles adecuado ó alumnado de menor idade, e, polo contrario, precipitado, ós pais (que teñen que otorgar o consentemento, profesores e de maior idade ós que se solicitou a súa opinión.

2.2. Horario de saída e regreso á casa.


A maioría de alumnado manifesta que a súa hora de saída está entre as 10 e 11 da noite, e a de chegada, entre as 2 e 3 da noite. O anterior parece contradicir que sexan moitos os que piden que se amplíe o horario de apertura de locais noutornos, que sobrepasa (aínda amplamente, segundo as categorías) dito horario.


Os pais, profesores e piden que se respete a normativa sobre o peche de locais, tendendo a que se consiga que os saian antes e tamén regresen antes.

Os maiores, nalgúns casos, creen que as responsables dese horario son as familias, que deberan controlar máis ós seus fillos.

Algún profesor destaca a necesidade de que os horarios se determinen por acordo entre pais e fillos, de acordo coa tendencia aceptada en educación.

Algunha familia destaca a importancia que ten o axustarse ó hábito da maioría dos en relación ós horarios (relacionado coa chamada "presión de grupo"). Creemos que este feito é na realidade moi importante.





2.3. Hora á que se levantan ó día seguinte os que saíron pola noite.

Segundo os datos da enquisa, a maioría levántase entre 11 e 12 da mañá.


Pais e maiores propoñen que os pais deberan levantalos antes para que se axeiten a saír e regresar antes, pero tamén profesores e maiores dubidan dos datos recollidos, opinando que a maioría se levantará despois.



2.4. Opinión das familias sobre os horarios dos seus fillos.

Segundo a enquisa, os xóvenes dicían de xeito maioritario que ás familias lles parecía ben o seu horario.


O anterior vése contradito polos maiores creen que non pode ser tan alto o grao de acordo dos pais con uns horarios de saída e regreso tan tardíos.



2.5. Días que sae á semana.

Segundo a enquisa unha alta porcentaxe do total de só sae os fins de semana.

Todos os consultados están de acordo neste dato, e en valorar como moi positivo que sexa así, ó dispoñer deste xeito de máis tempo para o estudo e outras actividades como deporte, cine ou lectura. De calquer xeito, parece que a saída estase a extender dun a dous días semanais.




2.6. Influencia das saídas nos estudos.

Unha ampla maioría cree que saír non inflúe nos estudos.

A maioría dos consultados aclara que saír con moderación ha ser positivo para os xóvenes e que só serían negativos os efectos se saíra con máis frecuencia que a que poñen de manifesto estes datos. É dicir, os afectados manifestan un acordo esperado coa súa propia postura.


Sínálase tamén que hai que considerar as alternativas dos que non saen e que por exemplo, poden estar moito tempo vendo a televisión, o que non se considera máis positivo que unha saída e se presenta como desculpa.

Por contra, presentando de novo nesta pregunta un desfase xeracional, algúns maiores e pais maniféstanse en desacordo co anterior e creen que as hábitos dalgúns, que regresan moi tarde á casa, poden ter influencia negativa nos estudos.



2.7. ¿A que idade comezaches a beber alcol?

A esta pregunta respóndese de xeito maioritario que foi con outros compañeiros. Tódolos encuestados están dacordo en que isto é así, de xeito que se destaca o carácter social dos hábitos de consumo de alcol, remarcado en outro punto anterior como importante para o comportamento do individuo.



2.8. Cartos dispoñibles.


A maioría dos dispoñen dunhas 1000 pts. (6,01Euro) para saír o fin de semana, segundo os datos da enquisa.

Nos cuestionarios, os dos cursos superiores creen que ese dato debe estar equivocado, e que a cantidade debe ser maior. Hai que ter conta que esta percepción coincide coa propia realidade dos maiores, que manexan máis cantidade de cartos, pero tamén son coñecedores da súa propia historia, en particular respecto ó manexo de cartos que tiveron.

2.9. Consumo de tabaco e outras drogas diferentes do alcol.

158 manifestan que non fuman, por 76 que afirman facelo, de acordo coa tendencia que se manifesta en xeral socialmente de abandono do tabaco.

15 manifestan consumir algunha droga doutro tipo, o que representa un 8%. A pesar do anterior, os dos cursos superiores teñen a percepción de que debe ser maior o número de que fuman e consumen droga, mentras é de destacar que os pais están despistados sobre o tema. A sinalar que o nivel de consumo sinalado é abondo inferior ás informacións que soen ve-la luz sobre a poboación española.



2.10. Consumo de alcol.

Á pregunta de se se emborrachan, os contestan do seguinte xeito:

nunca.....155


algunha vez.....82

de xeito habitual13

Os datos volven ser baixos esta vez comparados co consumo da poboación xuvenil de España, segundo diversas enquisas publicadas, o que fai pensar que a mesma xente nova trata de enganarse ou enganar sobre o seu propio consumo.


A pesar destes datos, pais e profesores, e tamén alumnos de cursos superiores, creen que é necesario reducir os niveis de consumo de alcol. Estos grupos creen que os datos reais de consumo deben ser maiores do que reflexa a enquisa, e máis en acordo coas estatísticas sinaladas.

A vía para reduci-lo consumo que é compartida por todos é mellorar a educación do alumno como consumidor.



2.11. ¿Viajas con conductores bébedos para regresar a casa?

De xeito maioritario contéstase a esta pregunta que non. Este aspecto é valorado de xeito moi positivo polo colectivo que participou na actividade.



3. Conclusións. Comparacións con outras enquisas realizadas en España.

Estudiáronse en concordancia cos datos propios tamén algunhas enquisas realizadas a nivel nacional sobre o consumo de alcol, non só pola xuventude senón tamén por outros grupos de poboación. Atopouse o que se expón a continuación, que se relaciona co que ocorre na nosa zona e cos alumnos do IES Porta da Auga.

3.1. Datos doutra fonte.

Polo seu doado comentario, expóñense algúns datos aportados pola revista Ciudadano, nº 295,

- España é un país dun alto consumo de alcol, ocupando o 7º lugar entre tódolos países do mundo.

- En España son bebedores habituais o 23% da poboación, o 46% son bebedores ocasionais e o 31% esporádicos.

- Existe unha gran expansión do consumo entre a xente nova e adolescente.

- O 3,5% da xente nova iníciase ós 11 anos.

- O 36% son consumidores ós 16 anos.

- Existe cada vez máis unha igualdade entre os datos dos homes e das mulleres, tradicionalmente menos consumidores de alcol. No consumo de tabaco, a muller nova sobrepasou os niveis do home.

- Os bebedores de maior risco de alcolismo non son os xóvenes, porque estes son consumidores de fin de semana, senón os homes de 29 a 48 anos.

- Existe unha actitude moi tolerante cara ó alcol: o 53% dos españois non percibe como risco beber 5 ou 6 copas un día.

- Entre os máis novos dáse unha paradoxa: cada vez hai máis abstemios, pero cada vez hai máis consumo. Isto ocorre porque os que consumen fáno en grandes cantidades.

- Detéctase que é moi doada a adquisición de alcol e outras drogas.

- É importante que o consumo da xente nova non se amplíe ós días laborables, pois isto aumentaría moito o risco de alcolismo e dificultaría a realización de actividades ordinarias na vida académica e profesional.

- Cítase que máis do 60% dos accidentes de tráfico teñen como causa directa o consumo de alcol.

3.2. Conclusións.

Compróbase que existe nos diferentes grupos consultados unha preocupación polos posibles efectos negativos do alcol, drogas e sobre os hábitos de ocio e a súa posible incidencia nas actividades dos xóvenes.

Constátase que os valores de consumo de alcol e drogas entre os alumnos do IES é moito máis baixo que o da poboación en xeral, alomenos dende a percepción dos propios enquisados como posíble explicación a propia escolarización.

Móstrase a partir dos datos obtidos que non é un problema exclusivo da xuventude, pois existen tamén importantes consumos entre os adultos.

Detectóuse que existe unha idade crítica para o aumento do consumo de drogas, entre os 16 e 17 anos, que coincide co que se podería chamar "dominio pleno" das saídas por parte da xente nova.

Compártese a opinión de que sería necesario máis información e apoio para as persoas sometidas a máis risco.

Comprobouse a necesidade de ampliar a información a outros aspectos relacionados co ocio, como poden ser o tempo adicado ó deporte, o cine ou a lectura, para coñecer mellor a situación.

É percibido pola xente nova que en ocasións a imaxe que se ten deles por parte dos adultos é desaxustada. Os informes sobre a xuventude e os seus comportamentos son alarmistas, e a prensa só recolle noticias cando se producen problemas por conductas violentas. Dito desaxuste saíría de que eles mesmo teñen una imaxe diferente de si, máis positiva e comprensiva das súas propias posturas, que estarían xustificadas dese xeito.

Compártese a opinión de que a zona de Ribadeo é máis tranquila que moitas outras cidades e pobos de Galicia e España, tamén sen poder contrastar en xeral co que ocorre nesas zonas máis que polos medios de comunicación.

Os xóvenes chégalles unha información de que as cousas eran moi diferentes fai tan só 10 anos. Naturalmente, este dato non o teñen contrastado.

En consonancia coa súa propia imaxe, os xóvenes participantes nesta actividade non perciben o consumo de alcol e drogas como un problema grave, porque se creen suficientemente responsables dos seus actos.

Estudio realizado por

Alumnos:

M^a Antonia Docobo Fernández

Elisa Dorrego Kelter

Noelia Ferreira Rego

Alberto García López

Rebeca Gómez Yáñez

Ramón González Barcia

Diana Grandío Moirón

Susanna López Díaz

Begoña Machado Prieto

Sandra Martínez Freire

Silvia Méndez Bravo

Diana Rey Resúa

Eva Rubal Neira

Profesores coordinadores:

Antonio Gregorio Montes

Gabriel Oria de Rueda Elorriaga

Curso 1999/2000.